

**ADMISIÓN ORDINARIA EN CENTRO DOCENTE SOSTIDO CON FONDOS
PÚBLICOS (ED550B)**

➤ Forma de presentación: **electrónica e presencial**

a) Presentación electrónica de solicitudes (ED550B)

1º) A persoa solicitante ten que acceder a aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) e cubrir o modelo ED550B-anexo II, para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital ou un sistema de usuario e clave como a Chave365

2º) Ademais, terán que cubrir o modelo anexo II-bis (comprobación de datos e consentimento), imprimilo, e unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acollidora, escanealo.

3º) A seguir, a aplicación permite conectar coa sede electrónica da Xunta de Galicia par asinar e presentar a solicitude utilizando calquera dos medios de identidade e sinatura do punto 1º. Xunto coa solicitude deberá achegar o anexo II-bis e o resto da documentación que, de ser o caso, fose precisa (libro de familia, sentenza de separación, documentación acreditativa do alumnado con necesidades específicas...).

4º) O xustificante da presentación electrónica da solicitude (ED550B) só se xera cando a persoa a asine e a presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e indica a data de presentación.

b) Presentación presencial de solicitudes (ED550B)

1º) A solicitude de admisión ordinaria (ED550B) e o anexo II-bis no centro docente indicado en primeiro lugar.

2º) Tamén deberá ir acompañada da documentación indicada do anterior punto 3º da letra a).ç

3º) O centro entregaralle a persoa solicitante un xustificante no que constará a data de presentación e selo do centro.